

Carlos Casares

LETRAS GALEGAS 2017

Día 12 de maio

Ás 12.00 h, no salón de actos da EGAP, terá lugar un acto literario, no que Xosé Carlos Caneiro e Emilio Rúa recitarán fragmentos da obra de Carlos Casares.

Día 13 de maio

Percorrido polas orixes de Carlos Casares, guiado polo historiador de arte e arqueólogo ourensán, Felipe-Senén López Gómez, comezando por Allariz –para coñecer as lendas de Santa Mariña–, e moi especialmente os arredores da lagoa de Antela, así como a orixe do mítico Limia. Itinerario que fai referencia ao “locus amoenus” como fonte de inspiración de lendas, contos populares, ritos... Espazos asociados á vida de santos mártires, viaxeiros, trotamundos, home lobo, paberos... paisaxes para paisanaxes que saben celebrar o sacro e o profano.

Xeira cultural polas terras da Limia

Saída da Coruña ás 08.00 h \Obelisco.

Saída de Santiago de Compostela ás 09.00 h \EGAP.

Allariz

Cos seus inspiradores misterios arredor dos santos e reis, de escritores e cineastas: de Santa Mariña de Augas Santas a Alfonso X; continuando por Manuel Blanco Romasanta, coñecido tamén como “o home lobo”; e, a versión cinematográfica de “A lingua das bolboretas”.

Sandiás

Igrexa de San Estevo e a arte manuelina, Museo e Torre do castelo medieval do Castro, que foi berce de dona Inés...

Vilar de Santos

Museo etnográfico de Limia.

Xantar incluído

Trandeiras

Igrexa-mosteiro de Bon Xesús e arredores da lagoa de Antela.

Xinzo de Limia

Cerna do Letheo –coñecido como o río do esquecemento– e Museo Galego do Entroido.

Regreso a Santiago de Compostela ás 20.00 h \ A Coruña ás 21.00 h.

Santiago de Compostela

Letras Galegas 2017